

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 27 DE XULLO DE 2016 POLA QUE SE CONVOCA UNHA LIÑA DE INCENTIVOS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA IMPLANTAR PLANS DE INTERNACIONALIZACIÓN NOS CENTROS DA UNIVERSIDADE DE VIGO A PARTIR DO CURSO 2017/2018**

*A Universidade de Vigo está inmersa nun proceso irreversible de internacionalización coa posta en marcha dunha estratexia que, entre outros obxectivos, inclúe os de promover e facilitar a mobilidade internacional e a internacionalización das ensinanzas. Para isto, dentro dun proceso de mellora continua da docencia, debemos progresar na nosa dimensión multicultural e acoller estudantes de distintas orixes; motivar o noso alumnado e o noso persoal para que desenvolva parte da súa carreira universitaria noutros países; impartir parte da docencia noutras linguas ademais do castelán e do galego, alcanzar o prestixio internacional pola excelencia da nosa oferta educativa e a nosa capacidade investigadora e de transferencia; e desenvolver titulacións dobres e conxuntas con universidades estranxeiras de excelencia internacional.*

*Os centros teñen un papel fundamental na consecución destes obxectivos ao seren os encargados de organizar e de impartir os estudos da nosa universidade. Son eles os que en última instancia facilitan a mobilidade do seu estudiantado e acollen o alumnado estranxeiro, e os que xestionan os recursos e os instrumentos dispoñibles para internacionalizar os seus programas de estudo.*

*En consecuencia, os centros deben desenvolver unha estratexia de internacionalización propia que facilite a mobilidade internacional, que defina políticas claras e trazables para o desenvolvemento de actividades docentes plurilingües, integradas e transnacionais, e que recoñeza a importancia dos resultados conseguidos nestes ámbitos e lles dea visibilidade.*

*Tendo en conta os obxectivos identificados no parágrafo anterior e as diferentes situacións de partida dentro da nosa universidade, podemos identificar tres escenarios diferentes:*

- 1. As titulacións que estarían en condicións de implantar liñas completas nunha lingua estranxeira no horizonte do ano 2020.*
- 2. As titulacións que poderían definir unha oferta en linguas estranxeiras que, aínda que non cubriría unha liña completa dunha titulación, estaría convenientemente estruturada e tería o atractivo suficiente para conseguir o estudiantado estranxeiro e contribuír de xeito relevante á internacionalización do alumnado propio.*
- 3. As titulacións que polas súas características centrarían as súas estratexias de internacionalización na mellora da mobilidade internacional e na extensión da súa rede de parceiros internacionais, así como as iniciativas para desenvolver con eles.*

*De acordo con todo o anterior, esta reitoría*

## **RESOLVE:**

*Publicar a convocatoria de incentivos, en réxime de concorrência competitiva, para implantar plans de internacionalización nos centros da Universidade de Vigo para os cursos 2017/2018 a 2019/2020 de acordo coas seguintes*

## **BASES:**

### **1. Finalidade e beneficiarios**

*As actuacións reguladas nesta resolución teñen como finalidade contribuír á internacionalización das ensinanzas impartidas nos centros da Universidade de Vigo.*

*Poden beneficiarse das actuacións convocadas mediante a presente resolución os centros da Universidade de Vigo en calquera dos seus tres campus.*

*Establécense tres modalidades:*

- Modalidade A: plans de internacionalización que teñan en conta a implantación de liñas completas en linguas estranxeiras.*
- Modalidade B: plans de internacionalización que, sen considerar liñas completas, desenvolven unha oferta estruturada nunha lingua estranxeira dirixida á captación de estudantado internacional e á internacionalización do alumnado propio de polo menos 30 ECTS; de xeito que o estudantado de intercambio poida cursar polo menos un cuatrimestre completo nunha lingua estranxeira na titulación obxectivo.*
- Modalidade C: plans de internacionalización que recollen outros instrumentos de internacionalización universitaria.*

### **2. Principios que respectarán os plans de internacionalización**

*Para as tres modalidades:*

- 1. Facilitarán a mobilidade internacional plena do estudantado, o persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos adscritos a eles. No caso do alumnado, permitirán a mobilidade internacional para cursar calquera tipo de materia do plan de estudos respectivo segundo o recollido no correspondente acordo de mobilidade ou no contrato de estudos.*
- 2. Estableceranse mecanismos para definir e implantar titulacións internacionais dobres ou conxuntas ou, no seu caso, xustificar a non pertinencia destas iniciativas.*
- 3. Estableceranse mecanismos para fortalecer a estrutura existente de parceiros internacionais, coa incorporación de novos parceiros de recoñecido prestixio, a extensión do cartafol de actividades para desenvolver cos parceiros existentes, ou a cancelación de parzarías que comprometen o potencial ou a calidade da internacionalización do centro.*
- 4. Ateranse ás disposicións legais e regulamentarias vixentes, e aos compromisos adquiridos pola Universidade de Vigo para a súa participación en programas internacionais de intercambio.*

5. *Contarán coas autorizacións ou cos informes pertinentes. En todo caso, as propostas serán aprobadas pola xunta de centro.*
6. *Estarán deseñados para implantarse a partir do curso 2017/2018, e a citada implantación deberá culminarse antes da finalización do curso 2019/2020.*

*Os plans que se acollan á modalidade A deberán, ademais, perseguir a implantación de liñas completas nunha lingua estranxeira, prioritariamente en inglés, nunha ou varias titulacións de grao, sen prexuízo dos dereitos lingüísticos do estudantado da Universidade de Vigo. En casos excepcionais debidamente xustificados aceptarase a implantación de liñas noutras linguas distintas do inglés. Os plans deberán garantir a docencia na lingua estranxeira no primeiro curso completo da titulación no curso académico 2017/2018.*

*Os plans que se acollan á modalidade B desenvolverán unha oferta de materias nunha lingua estranxeira, preferiblemente en inglés, de polo menos 30 ECTS, estruturada de xeito que se facilite a mobilidade internacional entrante ao permitir cursar polo menos un cuadrimestre completo nunha lingua estranxeira, sen prexuízo dos dereitos lingüísticos do estudantado da Universidade de Vigo. En casos excepcionais debidamente xustificados aceptarase a implantación de liñas noutras linguas distintas do inglés.*

### **3. Forma e prazo de presentación das solicitudes e da documentación**

*1. Os centros interesados cubrirán e presentarán unha solicitude dirixida ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo xunto coa documentación seguinte:*

- a) Proposta do Plan de internacionalización, de acordo coa estrutura recollida no anexo I e os obxectivos da base 2 para unha das modalidades A, B ou C.*
- b) Certificación da aprobación do plan proposto por parte da xunta de centro.*

*c) Compromiso da dirección do centro para a súa implantación no caso de resultar aprobada a proposta.*

*2. O prazo de presentación das propostas termina o día 30 de outubro de 2016.*

*3. Presentarase unha proposta separada por cada centro e titulación. Cada titulación poderá optar exclusivamente a unha das modalidades A, B ou C.*

### **4. Tramitación do procedemento**

*1. O órgano competente para a tramitación do procedemento será a Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer ou comprobar calquera información necesaria para formular a proposta de resolución.*

*2. Unha vez transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, o órgano competente requiriralles aos centros interesados, cuxas solicitudes carezan dalgún requisito dos establecidos nas presentes bases, para que as emenden no prazo máximo e improrrogable de*

*dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación. Tamén se lles indicará que, se non o fixesen, se lles terá por desistidos da súa solicitude.*

*3. Logo de finalizar o prazo de corrección, o órgano competente ditará a resolución coa relación definitiva de solicitudes admitidas e non admitidas conforme o establecido no apartado anterior. Tamén se lles indicará, no seu caso, as causas que motivasen a non admisión. A citada resolución notificaráselles ás direccións de todos os centros participantes e publicarase.*

*4. Contra a resolución pola que se aproba a relación definitiva de solicitudes admitidas e non admitidas poderase interpor un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación. Os escritos de recurso presentaranse, coa sinatura orixinal da persoa que desempeña a dirección do centro, nos rexistros da Universidade de Vigo. Poderase interpor tamén recurso contencioso-administrativo, ademáis do potestativo de reposición.*

*5. Ao non axustarse aos termos da convocatoria, o incumprimento destas bases, así como a ocultación de datos ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude.*

## **5. Avaliación e selección de propostas**

*1. Unha comisión realizará a valoración das propostas e, considerando os principios establecidos no artigo 2 e os recursos existentes, remitiralle ao órgano competente unha relación ordenada dos plans de internacionalización que poden ser susceptibles de implantación.*

*2. A citada comisión estará composta por cinco membros nomeados polo reitor de entre os membros da Comisión de Mobilidade Internacional da Universidade de Vigo, e contará con representación de estudantado, PDI e PAS.*

*3. A composición da comisión farase pública antes do proceso de valoración das propostas, de xeito que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, o dereito á recusación.*

## **6. Resolución**

*1. Á vista da proposta da comisión indicada no artigo 5, enviarase a proposta de resolución provisional debidamente motivada xunto cunha relación priorizada dos plans de internacionalización, que non será esixible no caso de que os recursos dispoñibles fosen suficientes para o número de solicitudes incluídas na relación. A devandita proposta, que poderá conter ademais unha relación de suplentes, remitiráselles aos centros interesados e publicarase mediante unha resolución do órgano competente, para que, no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación, as persoas interesadas presenten as alegacións que consideren oportunas. Se non se recibisen alegacións ou unha renuncia expresa no prazo establecido, as propostas entenderanse aceptadas.*

*2. Unha vez examinadas as alegacións presentadas, enviarase a proposta da resolución definitiva que conterà como mínimo o seguinte:*

- a) *A relación de plans de internacionalización aprobados para a súa implantación. Ademais, indícase o prazo de implantación, o centro, a titulación afectada e a modalidade.*
  - b) *Os recursos asignados para implantar os plans, coa desagregación dos distintos conceptos que os integran.*
  - c) *A desestimación expresa das restantes solicitudes, adecuadamente motivada.*
  - d) *A relación de posibles suplentes e o seu tempo de vixencia.*
  - e) *Os prazos de presentación das memorias de seguimento e finais que se requiran.*
  - f) *Os recursos que se poden interpor contra ela, o prazo de interposición e o órgano competente para a súa resolución.*
4. *O prazo máximo para a resolución do presente procedemento será de dous meses desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes. Se transcorrido o devandito prazo non se publicou a resolución, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes.*

#### **7. Recursos dispoñibles para implantar os plans de internacionalización seleccionados**

1. *O profesorado e o persoal de administración e servizos participante nos plans de internacionalización seleccionados terán prioridade para acceder aos programas de mobilidade de persoal docente e de administración e servizos propios da Universidade de Vigo ou xestionados por ela.*
2. *O profesorado e o persoal de administración e servizos participante nos plans de internacionalización seleccionados terán prioridade para participar en accións formativas en materia de idiomas estranxeiros para o colectivo correspondente, organizadas pola Universidade de Vigo ou a súa Fundación.*
3. *Dentro do seu orzamento anual, a Oficina de Relacións Internacionais promoverá un programa de bolsas para a formación en internacionalización ou comunicación e mercadotecnia dirixida a estudantes de grao e de mestrado, para a súa adscrición aos centros con plans de internacionalización seleccionados.*
4. *A Oficina de Relacións Internacionais xestionará a oferta de bolsas de mobilidade de prácticas dirixidas a estudantes estranxeiros ao abeiro de programas internacionais de intercambio que propoñan os centros nos seus plans. As citadas bolsas poderán propoñerse unicamente nos ámbitos das relacións internacionais ou da comunicación e da mercadotecnia, e nunca para a realización de tarefas docentes.*
5. *Para as propostas das modalidades A e B, poderase autorizar unha proposta de programación docente anual (PDA) dalgunha titulación seleccionada no que o número de horas se vexa incrementado para garantir o cumprimento do do plan proposto, ata un máximo global final de 4.000 horas por curso académico para todos os plans seleccionados*

*na presente convocatoria, unha vez que os plans estean implantados. Os plans indicarán o total de horas asumidas polo centro e de horas solicitadas nesta convocatoria. Esta estimación actualizarase cada curso académico segundo o procedemento definido pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.*

## **8. Norma derradeira**

*Contra a resolución definitiva, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes, se a resolución fose expresa, ou de tres meses se non o fose. Os escritos do recurso presentaranse, coa sinatura orixinal da persoa que desempeña a dirección do centro, nos rexistros da Universidade de Vigo.*

*Sen prexuízo do anterior, contra a resolución de concesión cabe interpor un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados que corresponda segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, ou de seis meses se non o fose, de acordo co disposto nos artigos 9.1.c) e 46 da citada Lei.*

*Vigo, 27 de xullo de 2016*

*O reitor*

*Por delegación RR 7/5/2014*

*O vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais*

*Manuel J. Fernández Iglesias*

*Dilixencia para facer constar que esta Resolución se publica nos taboleiros de anuncios dos rexistros da Universidade de Vigo*

*Vigo, 27 de xullo de 2016*

*A secretaria do Vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais*

*Carmen Luisa Pereira Castro*



## ANEXO I

### ESTRUTURA DAS PROPOSTAS DE PLANS DE INTERNACIONALIZACIÓN

#### 1 *Datos xerais*

##### 1.1 *Centro*

##### 1.2 *Titulación*

##### 1.3 *Comezo de implantación do plan*

##### 1.4 *Fin de implantación do plan*

#### 2 *Mobilidade internacional*

##### 2.1 *Situación de partida*

##### 2.2 *Situación obxectivo*

##### 2.3 *Accións para lograr a situación obxectivo*

#### 3 *Internacionalización do plan de estudos*

##### 3.1 *Situación de partida*

##### 3.2 *Situación obxectivo*

##### 3.3 *Accións para lograr a situación obxectivo*

#### 4 *Cadro-resumo de recursos necesarios*

##### 4.1 *Financiamento por actividades/conceptos*

##### 4.2 *Financiamento por fontes de financiamento*

- *Nos apartados 2.1 e 2.2 describirase a situación actual e a situación obxectivo en canto ás cifras de mobilidade de estudantes, PDI e PAS; a estrutura de parceiros internacionais; os estudos elixibles para participar en programas de mobilidade; eventos de promoción organizados etc.*
- *Nos apartados 3.1 e 3.2 describirase a situación actual e a situación obxectivo en canto a materias impartidas noutras linguas distintas do castelán e do galego e o profesorado acreditado para impartir materias noutras linguas (modalidades A e B); as titulacións internacionais dobres ou conxuntas implantadas ou que se van implantar; o estudantado participante nas actividades anteriores etc.*
- *Nos apartados 2.3 e 3.3 enumeraranse as accións, as datas de execución previstas, os recursos necesarios para a súa implantación e o seu financiamento, e os indicadores de seguimento se procede.*

*Exemplos de accións no apartado 2.3 serían a identificación de novos socios; a extensión dos estudos recoñecibles en determinados socios; a incorporación a redes internacionais, proxectos ou parzarías de mobilidade internacional; a incorporación a novos programas de*

*mobilidade; a organización de semanas internacionais; a organización de eventos de promoción da mobilidade para o estudiantado local etc.*

*Exemplos de accións no apartado 2.4 serían a actualización das memorias de verificación; o desdoblamento de grupos para a docencia noutras linguas distintas do galego e do castelán (modalidades A e B); os cursos de idiomas para o PDI/PAS; a incorporación temporal de docentes estranxeiros ao abeiro de programas de intercambio; a actualización das guías docentes etc.*

*No caso de precisar recursos económicos para algunha acción, indicarse o custo que asume o centro do seu orzamento, e o financiamento esperado de fontes externas (se procede).*